



«O ESPELLO DO MUNDO» RAMÓN NICOLÁS

Os puntos cegos ven a luz

«O ESPELLO DO MUNDO» ALUMEA UNHA CARA DA HISTORIA QUE FICOU NA ESCURIDADE, DESCOBRE A MEMORIA DAS PALABRAS PROPIAS E FAINOS TOCAR NA ESCRITA A TERRA, A LINGUA, O ETERNO FEMININO, A CERNA DO QUE SOMOS

ANA ABELEDA | Trigo, espelta, xenxibre e cravo condimentan esta revisión da historia que ofrece na súa primeira novela Ramón Nicolás. Aprezarán, lectores, os beneficios das plantas e os consellos vitais para as cousas da alma que dispensa esta lectura. Ata parece que escoitamos a Teresa de Ávila: «Entre pucheros anda el Señor». A comparación non é caprichosa: este *Espello* vence o desleixo da inercia e a estulticia do interese, recupera a luz nos puntos cegos da historia reconstruíndo unha parte do XII no cenobio feminino de San Pedro de Ramirás. Alí procura Martiño, o protagonista, o rescate duns papeis esenciais, palabras dun mundo secreto que o vento non levou.

Hildegarda von Bigen, Ramón Nicolás ilústranos na delicada arte da escoita e amosa a calidade real da literatura.

A escrita rompe o silencio, mordazas, o diapasón machista acubillado no estigma da muller pecadora. No *Espello do mundo*, tocamos o eterno feminino; aí na voz escrita. As palabras son nesta novela, por veces, un torrente de auga minuciosa que flúe pero se detén no patrimonio. Ramón Nicolás escribe o mapa da terra de Ramirás, debuxa miudiño parte da paisaxe da lingua, camiña polas palabras propias que están na cerna do que somos.

Como a «chicoria», que ao dicila vemos á avoa dando coa culleriña na cunca de vidro que rompeu. Grande é o poder da palabra para xuntar anacos e recobrar mundos que parecían perdidos. E non o están.



«O ESPELLO DO MUNDO»

NOVELA • Ramón Nicolás

• Xerais • 192 páxinas •

16,65 euros